

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 4 de maio de 2016 pola que se aproba o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios do porto do Freixo.

A Área de Explotación e Planificación Portuaria do ente público Portos de Galicia redactou e tramitou o documento de delimitación dos espazos e usos portuarios do porto do Freixo, no termo municipal de Outes, na provincia da Coruña, e adscrito ao ente público para a súa xestión. Este documento foi redactado de acordo coa súa formulación prevista no artigo 69 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2011, de 5 de setembro (*Boletín Oficial del Estado* núm. 253, do 20 de outubro), aplicable ao dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia.

Na reunión do Consello de Administración de Portos de Galicia que tivo lugar o día 21 de abril de 2016, este acordou dar a súa conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios do porto do Freixo, segundo o disposto no artigo 13.e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, e o referido artigo 69 do texto refundido, así como elevalo e propoñelo para a súa aprobación.

Unha vez vistos o expediente e o informe-proposta da xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria do 15 de abril de 2016, que conta coa conformidade do director de Portos de Galicia, así como o Acordo do Consello de Administración de Portos de Galicia do 21 de abril de 2016 polo que dá a conformidade á delimitación dos espazos e usos do porto do Freixo e o elevan e o propón para a súa aprobación, o presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación da conselleira do Mar conferida por Orde do 30 de marzo de 2012, resolve:

Aprobar o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios do porto do Freixo (Outes, A Coruña), na súa versión asinada en outubro de 2015 pola arquitecta Lorena Pardiñas Lamas, como autora, e polos enxeñeiros de camiños, canais e portos Andrés D. Cervantes Refojos, como xefe do Departamento de Planificación Portuaria, e Ana Isabel Calzadilla Bouzón, como xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2016

José Juan Durán Hermida
Presidente de Portos de Galicia

